



HOSTALERÍA TERCEIRA ONDA (aclaracións respecto a nota “desescalada de ERTES de hostalería” do 7 de decembro).

A Orde do 13 de xaneiro da Consellería de Sanidade preveu exclusivamente dous niveis de limitacións ás empresas de hostalería, segundo os Concellos:

- nivel máximo como A Coruña, Santiago e Ourense, só terrazas ao 50%.
- nivel medio-alto como Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ferrol, 30% interior e 50% terraza.

1. CONCELLOS EN NIVEL MÁXIMAS RESTRICIÓN:

Estimase que se a empresa, pechada no interior, a pesar de poder exercer a súa actividade en terraza cun aforo do 50%, non dispón de terraza ou non a pode empregar, atopase na situación de impedimento da súa actividade, o cal dá lugar á posibilidade da aplicación da Orde do 3 de decembro (achégase), considerándose en aplicación o **ERTE por impedimento**.

De ter concedido a empresa un ERTE por impedimento con anterioridade, pódese volver activar, **sen ter que solicitar un novo ERTE**, salvo que renunciase ao mesmo.

Si a empresa non tiña autorizado un ERTE por impedimento, pode solicitalo.

No *suposto de prestación de servizos* de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio e sempre que esta actividade sexa realizada exclusivamente polo empresario ou persoal incluído no RETA, pódese empregar o ERTE por impedimento, ao entenderse que se trata dunha actividade residual á habitual de atención ao público en mesa e barra (que se atopa impedida).

2. CONCELLOS EN NIVEL MEDIO-ALTO:

As empresas de hostalería destes Concellos teñen autorizada a apertura en interior e en terraza, **polo que poderán solicitar un ERTE por limitacións**, salvo que xa o tivese recoñecido con anterioridade.

En todo caso, de dispoñer dun ERTE de limitacións xa concedido, poderá volver ser utilizado e poderanse afectar este a novos traballadores que deben suspender os seus contratos ou reducir as súas xornadas debido á aplicación das novas normas sanitarias.



Para iso a empresa deberá comunicalo á Autoridade Laboral empregando a pestana de “MODIFICACIÓN OU MELLORA VOLUNTARIA DE SOLICITUDE” DENTRO DO PROCEDIMENTO TR820C, engadindo o Anexo II cos novos traballadores, pregándose que non se utilicen as “Achegas”.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021